

Frontera España-Portugal: documentación lingüística y bibliográfica -  
<http://www.frontespo.org>  
Localidad: Santiago (Rubiás dos Mixtos, Calvos de Randín). Ourense  
Identificador de la grabación: ESOU08008-001  
Fecha de la entrevista: 15/2/2016  
Entrevistadores: David Rodríguez Lorenzo, Fernando Brissos  
Informantes: Francisco Rodríguez, Dolores González  
Versión de la transcripción: 1  
Revisada: No

Entr. 1 (DRL) [...] -non?- pero que outros traballos se facían no campo?

Entr. 1 (DRL) Imaxino que... [Emisión] a pataca, o millo, é dic- | como era... ao la- | ao largo do ano... ?

Inf. 1 (FR) As, as patatas | ao largo de todo o ano, o pan botábase no mes de outubro, despois... xa a terra queda quieta todo o ano.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (FR) Podes | poden ter ao mellora agora, neste tempo que hai... nabos, grelos, [Tose] que aínda están na terra... e, e, e verdura, verdura... despois máis nada.

Entr. 1 (DRL) [Assent] Que son cousas así de inverno.

Inf. 2 (DG) E a xudía.

Inf. 2 (DG) As xudías, tamén.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (FR) Ah, bueno, pero eso vén despois.

Inf. 1 (FR) É de agora ou cuando vén a primavera, que se empeza a traballar a terra, despois é cuando lle botan, botas as patatas, pimientos, de toda clase de, de... de legumbres, e cuando, cuando se empeza a traballar a terra é cuando se bota na primavera... pero claro, cóllese de todo... de todo eso cóllese eiquí.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) E como... i- | agora hai tractores, pero antes, como se preparaba a terra?

Inf. 1 (FR) Claro.

Entr. 1 (DRL) Había que darlle varias voltas -non?- e com-, como e-

| como era aquilo?

Inf. 1 (FR) [Emisión] Coas va-, coas, coas va-, coas vacas, ou cavalas... aí, e se non arábase coas vacas, cuns arados a- | daquela maneira... despois viñeron os tractores, e cos tractores, pero hasta alí todo era coas vacas.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) [xxx]

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (FR) As vacas dábannos o leite, as vacas dábannos os becerros, as vacas... e os... | e as caballerías foron dos que | animais que máis axudaron a, a sobrevivir as personas.

Entr. 1 (DRL) [xxx] Can- ? | si.

Inf. 1 (FR) Porque ás caballerías púñanlle cargas e levávanas e montaban de a cabalo e era o medio de... de comunicación que había, o sea, de, de transporte que había para levar as personas.

Inf. 1 (FR) Nós íbamos de eiquí a Xinzo, montábamos de a cabalo dun cabalo ou dun, ou dun, dun burro ou de calque- | a Xinzo, se non, había que ir andando.

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Entr. 2 (FB) [Emisión]

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Inf. 1 (FR) [Riso] Era o, era o transporte que había.

Entr. 2 (FB) [Riso]

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Entr. 1 (DRL) Canto leva-, can-, canto levaba, canto levava chegar a Xinzo?

Inf. 1 (FR) Bueno, sobre dúas horas, por aí.

Entr. 1 (DRL) No burro, ou no cabalo.

Inf. 1 (FR) Si, si, según anduvera, claro, pero a pé, andando | claro | pero an-, andando fomos moitas veces... e íbamos, ao mellor, vender aló un becerro de | acolá [TranscrDubidosa] a Xinzo, coas vacas andando hasta alá.

Entr. 1 (DRL) E camiñando, o dobre polo menos.

Entr. 1 (DRL) Claro, había que ir ao paso do becerro, que

tampouco...

Inf. 1 (FR) Exactamente.

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Entr. 1 (DRL) [xxx]

Entr. 1 (DRL) Para poñer as vacas no, no carro, cal era o sistema?

Inf. 2 (DG) Ah, había que as xunguir, lle dicíamos... atalas.

Inf. 1 (FR) Ha-, ha-, ha-, había que | había un, un pau que lle chamábamos un xugo, cada unha tiña a súa cousa, chamábanlle un, un | unha molida, púñaselle unha cousa na cabeza, depois púñaselle o pau ise por arriba, cunhas | chamábanlle sogas, amarrábaslla na cabeza, e depois alí arrem- | amarrabas ao carro as vacas, e aí vai.

Inf. 2 (DG) Unha molida.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (FR) Aínda se ven agora.

Entr. 1 (DRL) Entón aquí era á molida.

Inf. 1 (FR) Si.

Inf. 2 (DG) Si, o que iba na cabeza era a molida.

Entr. 1 (DRL) Vale, porque hai outros sitios que fan... aquí no pescozo.

Inf. 1 (FR) Ah, ah, si, ho, á canga, esa é á canga.

Inf. 2 (DG) Ai, á... á canga.

Inf. 2 (DG) [Asent]

Inf. 1 (FR) Eu vexo pola parte de Santiago, por aí, traballaban á canga.

Inf. 2 (DG) Si, eses [xxx].

Entr. 1 (DRL) Por aquí non se estilaba eso, aquí era...

Inf. 1 (FR) Non, non, non, aquí todo era á cabeza.

Inf. 2 (DG) Aquí non, aquí era á molida.

Inf. 2 (DG) Si, era á molida.

Inf. 1 (FR) E en, e en Portugal tamén, tamén era todo á... á

molida, á cabeza.

Inf. 2 (DG) Si, era á molida, á molida.

Entr. 1 (DRL) [Asent] Polo que nos falaron en Turei tamén.

Inf. 1 (FR) O que, o que vexo eu todo por aí... todo era así, agora, pola parte de Santiago e toda esa zona, que non sei máis por alá, víamolos traballar á, á canga.

Inf. 2 (DG) Claro, é, son sitios cercanos que si, claro, si, si.

Inf. 2 (DG) Á canga.

Inf. 1 (FR) Toda a zona de Xinzo e todo eso era á cabeza.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Ves? É... [Riso] son cousas, son cousas | sin embargo aquí é igual que en Portugal, é unha desas cousas que a, a fronteira non... [xxx], non cambian os costumes pola fronteira e unha tal [TranscrDubidosa].

Inf. 2 (DG) Cada sitio [xxx].

Inf. 2 (DG) Si, porque era moi cercano, non sabes?

Inf. 1 (FR) Si.

Inf. 2 (DG) Si, non, non, non.

Inf. 1 (FR) Non, non.

Inf. 1 (FR) Non, non, que va.

Inf. 2 (DG) Non.

Entr. 1 (DRL) -po tamén, imaxino que, depende do tamaño ou ás veces do que se plante, os, o- | as parcelas, os terreos, teñen distinto nome, non?

Inf. 2 (DG) Si, si.

Entr. 1 (DRL) Por exemplo, un, un, un, un sitio pequeno, unha terra pequena, para poñer aí unhas ceboliñas e tal.

Inf. 2 (DG) Chamámoslle unha horta.

Entr. 1 (DRL) É unha | aí é unha horta.

Inf. 1 (FR) Unha horta.

Entr. 1 (DRL) Se é un pouco máis grandíño, xa para...

Inf. 2 (DG) Un nabal, lle dicimos.

Inf. 1 (FR) Un nabal.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) E no nabal, que se bota?

Inf. 2 (DG) Nabal, botas máis de todo, porque tamén é máis grande, verduras... [Emisión], renovos de todas as c- [Emisión], clases tamén, porque a vec- | de todas esas cousas, [xxx], si, si.

Inf. 1 (FR) Patata, verdura... bueno.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Verzas e xa de todo.

Inf. 1 (FR) [xxx], sobre todo máis grande, máis, máis... | claro.

Entr. 1 (DRL) É máis grande.

Entr. 1 (DRL) E, e, e se | hai algo que seña máis grande aínda que o nabal?

Inf. 1 (FR) [Emisión]

Inf. 2 (DG) Bueno, entón se é para patatas ou millo, que antes... | millo, maíz [Emisión] ... bueno, millo e patatas e deso así, deso | esa finca xa se dedica máis para eso, centeno...

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (FR) Dedicábanse, porque agora -sabes unha cousa?-, agora, eu non sei, por eso, as... | e-, es- |

Inf. 2 (DG) Ah, agora están todas á, á poula, están todas de monte.

Entr. 1 (DRL) Como sería, á poula?

Entr. 1 (DRL) Cando queda sen traballar?

Inf. 2 (DG) Vós dicides ao monte, todo, todo a p- |

Entr. 1 (DRL) Si, aquí dise |

Inf. 1 (FR) Matorral... en fin, pero está á poula, á poula.

Inf. 2 (DG) [xxx]

Entr. 1 (DRL) É dicir, unha terra que queda sen traballar... ?

Inf. 2 (DG) Á poula.

Inf. 1 (FR) Á poula, á poula.

Entr. 1 (DRL) Ah, interesante iso tamén, iba, iba preguntar, pero [xxx].

Inf. 1 (FR) É que, eu, e-, eu solo digo unha cousa, que [Emisión] | a primeira cousa, eiquí temos o aparciamiento.. medido, dicían que estaba todo feito, solo que iban empe-, empezar as pistas... pero non terminaron... | da parcelaria... e non... | pero este | si | no pueblo este, no pueblo este de, de a-, de atrás, de Rubiás, puxeron aí... pegas, unha cousa e a outra, entonces retrasouse eso e agora aínda aí está, hai crisis e aí gastas moito diñeiro tamén, entonces, claro, as cousas vanse retrasando, pero claro, o parcelamiento é moi importante, se non hai parcelamiento non hai nada.

Inf. 2 (DG) Si, bueno, pero non deu, non deu chegado.

Entr. 1 (DRL) Da parcelaria, di, da, da concentración.

Inf. 2 (DG) Si, si, xa estaba todo medido para vir, pero despois aí houbo un | bueno, non deron arraxado, xente que non quixo e despois...

Entr. 1 (DRL) Sempre hai pro- | en toda | en todas partes hai problemática.

Inf. 2 (DG) Porque o aparciamiento é moi importante.

Inf. 2 (DG) Bueno, foi quedando así, foi quedando así.

Inf. 1 (FR) [Emisión] Pero aínda así hai aparciamiento e vense f-, fincas á poula... que eso... | toda a zona de Xinzo da, da, da Limia... [Emisión] parcelas grandes aí á poula que... bueno.

Inf. 2 (DG) Bueno, así vamos.

Inf. 1 (FR) E, e d-, e do traballo... da terra é do que vivimos, hai que pensalo, que da terra |

Inf. 2 (DG) [Riso]

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 2 (DG) Si, pero a [x]uventud non está moito por eso.

Entr. 1 (DRL) Iso cambiou, tamén, non?

Inf. 2 (DG) Cambiou moito, si, porque... | pola maquinaria tamén moito.

Entr. 1 (DRL) Que é unha das cousas tamén que queríamos preguntar.

Inf. 1 (FR) É que agora |

Entr. 1 (DRL) Claro, coa maquinaria fai falta menos xente, eso para empezar.

Inf. 1 (FR) É, é que, que coa maquinaria agora non é traballar, se cun tractor... an- | teñen cabina, nin anda un ao sol, teñen todo, pero aínda así vese terra á poula, por esta zona, eh, ao mellor noutras terras... por onde estás tu ao mellor non.

Inf. 2 (DG) Si.

Inf. 2 (DG) Eles xa saben ben como é, si, xa saben.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 2 (DG) Non, bastante, bastante, está en todas as partes, eh... haberá máis eiquí, pero está en todo.

Entr. 1 (DRL) Non... iso é en todas partes.

Inf. 1 (FR) Si?

Entr. 1 (DRL) Por onde viv- |

Inf. 2 (DG) Éche o que hai.

Inf. 1 (FR) Tu ibas pola carretera, agora ibas de eiquí a... a Turei... e non se vía unha finca sen traballar, todo | [Emisión] claro, este é un, un tempo que, claro, non, non se, non se ve, é de inverno, pero se fora de vrao, aí non vías máis ca millo, patatas, todo sembrado, todo cheo de, de, de labor, de, de... | agora nada.

Inf. 2 (DG) Ahora de inverno, non... si, si.

Entr. 1 (DRL) [Emisión] Dixemos que cando un terreo queda sen cultivar é á poula.

Inf. 2 (DG) Á poula.

Inf. 1 (FR) Á poula.

Entr. 1 (DRL) Incluso, aínda que teña intención de cultivalo máis adiante?

Entr. 1 (DRL) Quero dicir, ás veces faise, que se deixa descansar, para ao ano seguinte estrumar e volver, e volver tal.

Inf. 2 (DG) Ah... [Riso] eso queda... |

Inf. 1 (FR) E-, eso, chámanlle | chamámoslle... como é [xxx]?

Inf. 2 (DG) Ou barbeito ou...

Entr. 1 (DRL) Ah... vale.

Inf. 1 (FR) A barbeitar, lle chaman, a barbeitar, si.

Entr. 1 (DRL) A barbeito, a barbeitar.

Inf. 1 (FR) Descansa... no inverno |

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 2 (FB) Obrigado.

Entr. 1 (DRL) Para que, para que colla máis forza.

Inf. 1 (FR) Exactamente.

Entr. 1 (DRL) Para que colla máis forza, efectivamente.

Entr. 1 (DRL) Iso | gracias | iso tamén ten distintos nomes, en Portugal é pousío, normalmente, porque pousa -non?- queda de repouso, aquí é barbeito.

Inf. 1 (FR) [Asent]

Inf. 2 (DG) Si.

Inf. 2 (DG) Si, si, si, si.

Inf. 1 (FR) Si.

Entr. 1 (DRL) E, e non sei se esta terra é moito de árbol frutal.

Inf. 1 (FR) Bueno... [Emisión] hai bastante fruta.

Entr. 1 (DRL) [Emisión] E cales son así as máis comúns?

Inf. 1 (FR) Bueno, mazás, peras, [Emisión] ...

Inf. 2 (DG) Pasa que, se, se vén mal tempo non van adiante, pero [xxx].

Inf. 1 (FR) O malo é o clima, que... | o c- | sabes que esto é llano -non?-, toda esta zona, pois é llana... claro, entonces, hai veces que hai un cambio de clima moi grande e vén unha xeadada e ao mellor lévache os... | pero dar, cóllese case de todo.

Entr. 1 (DRL) A xeadada...

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Entre montaña e montaña, pero é [Riso].

Entr. 1 (DRL) [Asent]



Entr. 1 (DRL) E, por exem- |

Inf. 1 (FR) Hai parras que, que dan unhas uvas boas, pero xa non é sitio de uvas, xa non é sitio de viño, exactamente.

Entr. 1 (DRL) Si?

Entr. 1 (DRL) Pero algunha hai.

Inf. 1 (FR) Pero, claro, frutales, pois cóllese de todo eso [TranscrDubidosa].

Entr. 1 (DRL) Algunha hai.

Entr. 1 (DRL) E, por exemplo, á árbore da mazá, como, como chaman?

Inf. 1 (FR) Unha mazaira.

Entr. 1 (DRL) Mazaira?

Inf. 1 (FR) Mazaira, si.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Porque noutros sitios é maceira, ou maciñeira e tal, aquí é mazaira, mazaira.

Inf. 1 (FR) Maceira, eso, maciñeira, si.

Inf. 1 (FR) Aquí é unha mazaira.

Entr. 1 (DRL) E da pera?

Inf. 1 (FR) Pereira.

Entr. 1 (DRL) Pereira, sen máis.

Inf. 1 (FR) [Asent]

Entr. 1 (DRL) [Emisión] Que mais... | espera, teño aquí... teño aquí tamén algunha foto, para evitar eu dicir a palabra -non?- para non interferir, pero... estas igual non se dan, porque son máis da parte de Valencia e por aí.

Inf. 1 (FR) Si, si, si.

Inf. 1 (FR) Ai, a na- | naranxas.

Entr. 1 (DRL) [Asent] E, e a árbore?

Inf. 1 (FR) É un na-, un naranxeiro lle chamamos.

Entr. 1 (DRL) Moi ben.

Entr. 1 (DRL) Pero aquí non se... | non é común.

Inf. 1 (FR) Non, non, é unha cousa que non se... que non se practica de, de, de, de botalas nin de poñelas nin nada.

Entr. 1 (DRL) Vale.

Entr. 1 (DRL) Pero, aínda así, cómpranse, -non?- cómpranse as naranxas.

Inf. 1 (FR) Si, si.

Inf. 2 (DG) [Riso] [xxx]

Inf. 1 (FR) Veñen de Portugal, eh.

Entr. 1 (DRL) Veñen de Portugal?

Inf. 1 (FR) ,Si, ve-, veñen de Portugal, nós com-... nós comprámoslle eiquí a un, un coche que vén, portugués, do mesmo ar- |

Inf. 2 (DG) Bueno, comprámosllas moitos eiquí aos portugueses.

Inf. 2 (DG) Que as collen do mesmo árbol.

Entr. 2 (FB) Há muitas laranjas em Portugal, muitas, muitas, no sul de Portugal, é a coisa mais fácil que existe é... [xxx].

Inf. 2 (DG) Si, si... si.

Inf. 1 (FR) Si, pois |

Inf. 2 (DG) Si, e pois ve-, veñen |

Inf. 1 (FR) Home, dános un saco así, dez quilos, cinco euros.

Inf. 2 (DG) Traennas por sacos, non sabes?

Inf. 2 (DG) Cinco euros, vende por saco, vén por aí por as | xa non conoce, cada ano que vén... e xa llas... compramos.

Inf. 1 (FR) El xa vén dereito eiquí.

Entr. 1 (DRL) Ah, vén naquela época...

Inf. 1 (FR) E xa vén.

Inf. 2 (DG) Si, ten vido agora toda a temporada, primeiro a mandarina |

Entr. 1 (DRL) Solo trae naranxa?

Inf. 2 (DG) Mandarina e naranxa, e ki-, e kiwis tamén, e limós.

Inf. 1 (FR) E, e ki-, e kiwis tamén trae.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 2 (DG) Pero eso, trae todo, colle do árbol e xa vén e xa...

Inf. 1 (FR) E xa, bueno, trae unha... | trae un coche, unha DKW cerrada, vende todo a cinco [TranscrDubidosa].

Entr. 1 (DRL) E que vén, por esta época, aí un mes ou dous, por esta época do inverno?

Inf. 2 (DG) Cuando empeza a temporada da... da [xxx].

Entr. 2 (FB) Dez quilos, cinco euros, é, é barato.

Inf. 2 (DG) Ou trece quilos... bah, un saco, [xxx].

Inf. 1 (FR) E é natural, aínda veñen coa folla... a min dáme ver para el, unha grande [xxx] ... laranxas así grandes, mandarinas pequenas.

Inf. 2 (DG) Si.

Inf. 2 (DG) Si, si.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 2 (DG) Empeza coa mandarina porque vén pri-, primeiro.

Entr. 1 (DRL) Mandarina é tangerina para, para vós, si.

Entr. 2 (FB) Sim, s-, sim, sim.

Inf. 1 (FR) Entonces | e son moi boas, eh.

Entr. 2 (FB) Tangerina mesmo, não é clementina, não é...

Inf. 2 (DG) Si.

Inf. 2 (DG) Clementina tamén trae, tamén trae.

Entr. 2 (FB) Também trae.

Entr. 1 (DRL) É outra variedade tamén, parecida, pero, si, pero...

Inf. 2 (DG) Xa... parecida, pero xa non é igual.

Inf. 1 (FR) Pero, pero son... | cóllenas iles mesmo e, e tráennas e védenas eiquí [xxx], entonces...

Inf. 2 (DG) Si, hai moitas, se ve que é unha zona máis, da, da

parte de aí |

Entr. 2 (FB) E as laranjas são, são normais, eles chamam da Bahia ou... chamam só laranjas?

Entr. 2 (FB) Assim um... [Emisión]

Inf. 2 (DG) [Emisión] Ah, ben sei o que queres dicir tu, pero non, non sei, mira, mira, son así, mira a laranxa é esta.

Entr. 1 (DRL) Son esas?

Entr. 2 (FB) Deixa lá ver.

Entr. 2 (FB) Então isto é da Bahia.

Inf. 2 (DG) Esta está un pouco pasada.

Entr. 1 (DRL) E por que? Que, que, que, que distingues?

Entr. 2 (FB) Do Brasil, vêm do Brasil.

Inf. 2 (DG) El quere dicir... de | ten a calidad...

Entr. 1 (DRL) Ah, chamádeslle así da Bahia, pero porque vén da Bahia mesmo?

Inf. 1 (FR) Si, esas son as mellores, si.

Entr. 2 (FB) Há séculos, si, veio da Bahia, do Brasil, há séculos [xxx].

Entr. 1 (DRL) Ah.

Entr. 1 (DRL) Ah, vale, vale, e ten esa | e | si.

Inf. 2 (DG) Si, pero esta é unha calidad, quere dicir, esta é unha calidad, sabes?

Entr. 2 (FB) É, é.

Inf. 2 (DG) [xxx]

Entr. 1 (DRL) Si, si, é o [xxx].

Inf. 1 (FR) Pois, dez, dez quilos, dez quilos, cinco euros.

Entr. 2 (FB) E são laranjas | sim.

Entr. 1 (DRL) Pois está bastante ben, está bastante ben.

Inf. 1 (FR) Comprámoslle... -sabes?- nós | está o fillo alí en Xínzo, e bueno, teñen alí supermercado e demais, collésmolle nós eiquí un, un

saco ou dous delas.

Entr. 1 (DRL) Que vén, nun camión?

Entr. 2 (FB) São as laranjas mais famosas em Portugal são estas, são muito doces.

Inf. 2 (DG) Si, si, si, son esas.

Inf. 2 (DG) Son boas, teñen moito...

Inf. 1 (FR) Dulces e... | si.

Entr. 1 (DRL) Moito zumo.

Entr. 2 (FB) Muito zumo, sim, e doces também.

Inf. 2 (DG) Zumo e, e teñen |

Inf. 1 (FR) E a-, e as pequenas tamén, eh.

Inf. 2 (DG) Si, si.

Entr. 2 (FB) As pequenas também.

Inf. 1 (FR) O home tamén é un home serio, xa está il | xa debe estar gubilado [sic], il e a muller, quizá... será por aí do meu tempo.

Entr. 1 (DRL) [Emisión] Esta fruta?

Inf. 1 (FR) Ai, as cereixas, si, bueno, home, aquí cóllense, eu mesmo teño dúas [xxx].

Entr. 1 (DRL) É terra delas, si?

Inf. 1 (FR) Si, si, si.

Entr. 1 (DRL) E, e... ao que a dá, como lle chaman?

Inf. 1 (FR) É un... | vamos a ver, unha cereixeira.

Entr. 1 (DRL) É cereixeira.

Inf. 1 (FR) É cereixeira.

Entr. 1 (DRL) [Asent] Vale.

Entr. 1 (DRL) Esto pregúntase tamén porque hai quen di... hai quen di cerdeira, ou hai quen di cereixeira, pero aquí é cereixeira.

Inf. 1 (FR) Cerdeira, cereixeira, son as dúas cousas, unha cereixeira e unha cerdeira.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Pero aquí é máis ben cereixeira.

Inf. 1 (FR) Unha cereixeira.

Entr. 1 (DRL) Si, señor.

Entr. 1 (DRL) E... bueno, ten aquela parte de dentro que é dura, como, como lle chaman?

Inf. 1 (FR) Si.

Inf. 1 (FR) A, a carabuña.

Entr. 1 (DRL) A carabuña.

Inf. 1 (FR) Carabuña.

Entr. 1 (DRL) Se é, por exemplo, dun melocotón, dun péxego, é carabuña tamén?

Inf. 1 (FR) É carabuña tamén.

Entr. 1 (DRL) E se é, eu que sei, o que é a semente da mazá ou dunha pera, que xa é máis miúda?

Inf. 1 (FR) Eso son pepitas.

Entr. 1 (DRL) Son pepitas.

Inf. 1 (FR) Pepitas.

Entr. 1 (DRL) Ou dun... dun cabazo, por exemplo, deses de...

Inf. 1 (FR) Tamén son pepitas.

Entr. 1 (DRL) Son pepitas.

Entr. 1 (DRL) E dunha uva?

Inf. 1 (FR) E nunha uva, pois [Emisión] tamén serán pepitas, pepitas igual.

Entr. 1 (DRL) É a pepita tamén.

Entr. 1 (DRL) Vale.

Entr. 1 (DRL) Vamos ver, e destas danse?

Inf. 1 (FR) Castaña? Bu, si, home, hai [xxx], si, eu teño o fillo ise que está aí ao lado de Xinzo en Vilar de Barrio, ten unha finca eiquí arriba que ten, buf, unha cantidade de castaños postos aí do carallo

[TranscrDubidosa], pero enxertadas -non?- grandes.

Entr. 1 (DRL) Si?

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Entón, a | ao | á arbore que, que dá a castaña, chámanlle?

Inf. 1 (FR) Danse ben.

Inf. 1 (FR) Castiñeiro.

Entr. 1 (DRL) Castiñeiro.

Entr. 1 (DRL) E...

Inf. 1 (FR) Hai quen di un castaño, nós eiquí dicimos un castiñeiro.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Vale.

Entr. 1 (DRL) Vale... vale, vale, por iso se pregunta tamén, para ver, entón aquí é castiñeiro, hai quen di tamén incluso castañeiro, é raro, pero hai quen di tamén.

Inf. 1 (FR) [Asent]

Inf. 1 (FR) Castañeiro.

Inf. 1 (FR) Eiquí chamámoslle... castiñeiro.

Entr. 1 (DRL) Aquí é castiñeiro.

Entr. 1 (DRL) E onde hai moitos?

Inf. 1 (FR) Moitos castiñeiros.

Entr. 1 (DRL) [Emisión] Non teñen un nome... ?

Inf. 1 (FR) Ou moitos castaños, ou moitos castiñeiros.

Entr. 1 (DRL) Si, si.

Entr. 1 (DRL) Non teñen un nome... | "teño para aí un, un souto ou..."

Inf. 1 (FR) Castaño, castaño, [Emisión] debe ser en castellano.

Entr. 1 (DRL) Pode ser.

Inf. 1 (FR) E castiñeiro, en gallego.

Entr. 1 (DRL) Pode ser, porque normalmente en gallego, sempre leva | quero dicir, a pera, pereira, a tal... | laranxa, laranxeira, limón, limoeiro, castaña, castiñeiro, entón o, o de castaño pode ser por influencia do castellano, pode ser.

Inf. 1 (FR) Claro.

Inf. 1 (FR) Si, si.

Inf. 1 (FR) Claro.

Inf. 1 (FR) Claro.

Entr. 1 (DRL) E... hai outra tamén, fruto seco, que tamén é do máis común, non sei se aquí se dá, imaxino que si.

Inf. 1 (FR) Ah, si, ten [TranscrDubidosa], si, teño aí eu aí arriba dous nogales, que aínda a- | aínda as ha de haber por aí, que se queredes... [Emisión], collo por aí, eu que sei, case un tractor de nubes.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Si? [Riso]

Inf. 1 (FR) Moitas.

Inf. 1 (FR) Dous grandísimos que están mesmo aí arriba, onde vai | onde soltamos as, as pitas, que as traemos todas estendidas... pois por em- | por baixo dos nogales... e frutales que teño alí, si.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) [Asent] E dan ben?

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (FR) Si, si, dan moitas, bu, o que pasa é que vén algún ano que ao mellor están no, no, no... no brote principal e vén unha xeadada... pero agora levamos unhos anos que... ten ido ben.

Entr. 1 (DRL) Tamén as fastidia.

Entr. 1 (DRL) [Asent] Este último ano, polo menos alí, na miña, na miña aldea, foi bon ano de noces, foi moi bon ano de noces.

Inf. 1 (FR) É que foi un ano, un ano de fruta... en todo, en todo.

Entr. 1 (DRL) Si, en todo en xeral.

Entr. 1 (DRL) Alí foi moi bon ano de no- | e de castañas tamén, de



castañas non houbo, non houbo queixa tampouco das castañas.

Inf. 1 (FR) Eu teño de todo, de todo... foi un ano moi bo para todo.

Entr. 1 (DRL) [Emisión] Vamos ver, e cando... cando hai unha noz... que ao collela xa ves que "ui, esta non ten peso, esta está..." como lle din?

Inf. 1 (FR) Está hueca ou está mala.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (FR) Hainas, a | e de logo, o-, os nogales... hai macho e femia.

Entr. 1 (DRL) Ai, si? Eso non o sabía eu.

Inf. 1 (FR) Si.

Inf. 1 (FR) Pois si.

Inf. 1 (FR) O macho é redondo, a nuez máis grande, e a femia, máis, máis alargada e máis pequena.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 2 (FB) Sim, em Portugal [xxx].

Inf. 1 (FR) Si, ao mellor, eu ao mellor, espera aí, déixame ver se teño por equí algunha.

Entr. 1 (DRL) [xxx]

Entr. 1 (DRL) Eu non sabía, non sabía diso.

Entr. 2 (FB) [xxx] isso em Portugal [xxx] não vou dizer que são todas, até porque a noz não é por todo o país -não é?-, mas há zonas em que se fala disso.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (FR) No...

Entr. 1 (DRL) Está | com- | acaba ese.

Entr. 2 (FB) [Emisión]?

Entr. 1 (DRL) Acaba ese.

Inf. 1 (FR) Mira [xxx], pasa que estas... | este, este é o macho.

Entr. 2 (FB) Acaba-o tu.

Entr. 1 (DRL) Non, porque é a vergonza do galego, eu non podo comelo, é cultural, non podo comer o último [Riso].

Entr. 2 (FB) [Riso]

Entr. 1 (DRL) Este é macho.

Inf. 1 (FR) Este é macho.

Inf. 1 (FR) Esta é unha femia.

Entr. 1 (DRL) Ai... carallo, vale, vale, vale.

Inf. 1 (FR) Ves como non son iguais?

Entr. 1 (DRL) Pois, pois eu non sabía de | é, é dicir, veo que son distintas, eu pensaba que era según cadrara.

Inf. 1 (FR) Tamén |

Inf. 1 (FR) Tamén hai...

Entr. 1 (DRL) Entonces, estas máis redondiñas así, é macho.

Inf. 1 (FR) Si, si.

Entr. 1 (DRL) E esta máis alargada, é femia.

Inf. 1 (FR) Tamén, tamén hai avellanas -ves?-, tamén, tamén collemos moitas.

Entr. 1 (DRL) Pois.

Entr. 2 (FB) Como é que chamam?

Inf. 1 (FR) Nós chamámoslle avelás.

Entr. 2 (FB) Ah, mas antes disso, disse tamém [xxx].

Entr. 1 (DRL) Avelás.

Entr. 1 (DRL) Avellanas.

Entr. 2 (FB) Avellanas?

Entr. 1 (DRL) Si, pero bueno, avellanas tamén é en castellano.

Inf. 1 (FR) Como, como lle chamades en Portugal?

Inf. 1 (FR) Avelá.

Entr. 2 (FB) Avelães, mas ao principio pareceu-me ouvir ervillanas... que é um nome para amendoins que aquí chamam cagagoi- |

cacagoites ou...

Inf. 1 (FR) Avelás, bueno.

Entr. 1 (DRL) Non, non, non, [xxx].

Entr. 1 (DRL) Cacahuetes.

Inf. 1 (FR) Cacahuetes non, [xxx].

Entr. 2 (FB) É, avellanas é o nome do [xxx] para [xxx], em port-, em portuguêis é avelãs.

Entr. 1 (DRL) [Riso] Non, non, non, é avelá.

Inf. 1 (FR) Ves, ves como son distintas?

Entr. 1 (DRL) Si, si, ben se ve, ben se ve, aínda vou poñer na cámara... macho... [Emisión] femia.

Entr. 2 (FB) Os frutos tamén têm sexo.

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Inf. 1 (FR) Viche?

Entr. 1 (DRL) [Riso] Si, señor [Riso].

Entr. 2 (FB) [Emisión]

Inf. 1 (FR) Pois si, home, si.

Entr. 1 (DRL) Si, señor, entón ao | o que dá as noces é... ?

Inf. 1 (FR) Nogal.

Entr. 1 (DRL) Nogal.

Inf. 1 (FR) [Emisión]

Entr. 1 (DRL) [Emisión] Esta?

Entr. 1 (DRL) [Emisión] Sempre preguntamos porque, claro, a, a fronteira é moi grande e nunhos sitios hai e noutros non, aquí non sei se se darán.

Inf. 1 (FR) Ah, claro, aquí xa nada.

Entr. 1 (DRL) [Asent] Non.

Inf. 1 (FR) Eso é un, un olivo, pero eiquí non.

Entr. 1 (DRL) Aquí non...

Entr. 1 (DRL) Aceitunas e deso de aceite, olivos e nada, tal, nada.

Inf. 1 (FR) Aceitunas e deso nada [xxx].

Inf. 1 (FR) Esa é a zona de, de, de Andalucía.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Si, a |

Entr. 1 (DRL) Cando corto un... | aquí dicen máis ben rama ou un gallo ou un... ?

Inf. 1 (FR) Si, [Emisión] e non será cortar ou podar?

Entr. 1 (DRL) [Asent] Entonces | pero | si.

Inf. 1 (FR) A, a poda é agora nun | aproximadamente neste tempo, podamos.

Entr. 1 (DRL) Antes da primavera, non?

Inf. 1 (FR) Antes da primavera podamos.

Inf. 1 (FR) Eu xa probei | xa podei unha parra que teño aí e unhas, e unhas pereiras podeinas, e agora aínda teño que podar máis, non acabei, neste tempo aínda teño que podar máis.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Non, con este tempo, claro.

Entr. 1 (DRL) E cando... | é dicir, podar é unha cousa, pero ás veces o que se fai é cortar unha, unha, unha rama -eu que sei, dunha maciñeir- | dunha macei- | dunha mazaira, eu digo [Riso], eu digo maciñeira, pero bueno, si- para outra, para que teña aquela calidade, aquela, aquela variedade.

Inf. 1 (FR) Si, si.

Inf. 1 (FR) Ai, enxertar.

Entr. 1 (DRL) Eso é enxertar.

Inf. 1 (FR) Enxertar, si, si, si, si, deso | eso, eso chámase enxertar, no supoñer [TranscrDubidosa] agora... eu mesmo nunha mazaira collo peras.

Entr. 1 (DRL) Enxertar, moi ben.

Entr. 1 (DRL) Claro, eso, eso é o que d-, dicía [Riso].

Inf. 1 (FR) Non, n-, non é | n-, nós eiquí chamámoslle un

espiñeiro e é un escombrón.

Entr. 1 (DRL) Un escombrón.

Inf. 1 (FR) Eso que nace no monte, que ten picos.

Entr. 1 (DRL) Si.

Inf. 1 (FR) É parecido a unha pereira, pero ten unhos, unhos pinchos que pican.

Entr. 1 (DRL) Ah... xa sei, xa sei, xa sei, e chámanlle | como lle chaman?

Inf. 1 (FR) [xxx]

Inf. 1 (FR) Es-, espiñeiros, pero son escombros.

Entr. 1 (DRL) Ah, espiñeiro.

Inf. 1 (FR) Nós chamámoslle aquí espiñeiro.

Entr. 1 (DRL) Espiñeiro.

Inf. 1 (FR) Bueno, pois ise é un patrón moi bo para exertar en peras.

Entr. 1 (DRL) Ah, non sabía eu eso.

Inf. 1 (FR) Si, si, si, e |

Entr. 1 (DRL) Entón salen as peras depois do, do, do espiñeiro.

Inf. 1 (FR) Saen de aí unhas, unhas peras buenísimas.

Entr. 1 (DRL) Mira que curioso.

Inf. 1 (FR) Depois tamén lle hai que poñer unha puga boa dunha pereira boa, eh.

Entr. 1 (DRL) Claro.

Inf. 1 (FR) Pero enxértase aí, eu teño, ao menos, cinco ou así... enxertados en | o | na, na | no monte, e depois póñoos eiquí nunha huerta ou onde me parezca, exertados, [xxx].

Entr. 1 (DRL) E como, como fai, como, como prepara iso?

Inf. 1 (FR) Pois eso, mira, no supoñer [TranscrDubidosa], esto é un... vamos a supoñer, o escombrón, o espiñeiro, entonces cortas eiquí, eiquí, cunha serra, serras aí, e depois tráese a, a puga dunha pereira boa... unha puga, entonces méteselle aí moi ben metida, que ligue unha casca coa outra.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Si.

Entr. 1 (DRL) Unha puga chámanlle?

Entr. 1 (DRL) Que queden así ao rentiño...

Inf. 1 (FR) Exactamente, que quede unha, unha casca unida coa outra, e apretada, despois hai que apretala moi ben, vendala ou darlle unha, unha | un pez que hai, ou eu fágolle con cinta aislante, aprétoa ben, pégame todo.

Inf. 1 (FR) Teño así.

Entr. 1 (DRL) E canto tarda en quedar iso... sólido así... ?

Inf. 1 (FR) Eso, eso aos dous anos ao mellor pódete dar fruto, eh.

Entr. 1 (DRL) Xa aos dous anos?

Inf. 1 (FR) Si, si, si.

Entr. 1 (DRL) Despois xa lle quita a cinta, xa lle quita...

Inf. 1 (FR) Despois quítaslle a cinta e todo.

Entr. 1 (DRL) Si, señor, é curioso como ás veces | [Riso]

Inf. 1 (FR) Eí no, eí, eí nunha pereira, hasta agora, pois hasta lle comprar eu para a filla e para o xenro, está casada desa parte de aí Arnosa tamén, e... e partímoslla e quedoulla á filla, e o outro fillo ten outra que está aí abaixo, onde deixastes o coche.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (FR) E... entonces... por detrás da, da, da casa, ten a finca e entonces eu enxerteille e púxenlle... haste nes- | nun espiñeiro dises que che digo ten cuatro clases de peras.

Entr. 1 (DRL) [Riso] E dá ca- | cada un dá de... [Riso]

Inf. 1 (FR) [Riso] Entendes?

Inf. 1 (FR) [xxx]

Inf. 1 (FR) [Riso] Así.

Entr. 1 (DRL) Si, señor, é curioso, é... | sempre me pareceu moi curioso iso, como, como dúas especies poden... convivir [Riso] e...

Inf. 1 (FR) Si, si, que vaias a unha mazaira, que vaias a unha

mazaira e vexas unha pera.

Entr. 1 (DRL) Claro, claro. [Riso]

Entr. 1 (DRL) E, e... esto que crece polas pedras, onde hai moita humidade, que se pon así verde... ?

Inf. 1 (FR) A eso chama- | chama- | chamámoslle lodo, as pedras... as pedras enlodadas.

Entr. 1 (DRL) S- | pero... non sei se é ben o lodo ou é o, o... | te-, teño foto.

Inf. 1 (FR) A ver, enséñame, enséñame, enséñame aí.

Inf. 1 (FR) Musgo, musgo non será.

Entr. 1 (DRL) Si, é.

Inf. 1 (FR) Musgo.

Inf. 1 (FR) Ah, bueno, pero e-, eu | mira, as pedras do río, as pedras do río ás veces... chegan a un, a un, a un | no mes de marzo, oucertos meses do ano, pónense [Emisión] distintas, crían un, un lodo da auga... e as pedras que non están na auga, teñen | coll- | crían un musgo.

Entr. 1 (DRL) Tamén crece nas árbores.

Entr. 1 (DRL) Vale.

Entr. 1 (DRL) Ah, vale, vale, vale, nós a esa, a esa, os que están na auga nós chamámoslle o limo.

Inf. 1 (FR) Distinto.

Inf. 1 (FR) O limo?

Entr. 1 (DRL) O limo.

Entr. 1 (DRL) Si, que da [xxx], no mar, no mar, chámase | cría | dices "cría limo", ou incluso os cabos, os cabos que están metidos na auga, "hai que limpar os cabos, que están con limo e tal", si, si, pero é esa cousa verde que é como unha...

Inf. 1 (FR) Ves? Nós, nós, lodo.

Inf. 1 (FR) Si.

Inf. 1 (FR) [xxx] limo, si.

Inf. 1 (FR) Ai, os |

Inf. 1 (FR) Si.

Inf. 1 (FR) Exacto, é.

Entr. 1 (DRL) [Asent] Moi ben.

Inf. 1 (FR) En cer-, en certa épocas [sic] do ano que é cuando máis crían, pero claro, agora no | nas pedras, eso chamámoslle musgo.

Entr. 1 (DRL) Musgo.

Entr. 1 (DRL) E... vamos a ver... -onde teño eu isto?- estes, que tamén á-, ás veces onde hai humidade crecen estes.

Inf. 1 (FR) Ai, os, os... esos son... claro, os cogomelos, pero |

Entr. 1 (DRL) [Asent] É o nome... xeral?

Inf. 1 (FR) Si, hai quen noutros sitios chámanlle setas, un é setas, outros, outra cousa, pero nós eiquí toda clase de cogomelos, eses para nós non son comestibles, que nós collemos, nós collemos outra clase de... de, de setas que... son as que conocemos e están ben.

Entr. 1 (DRL) Porque despois hai, hai varias...

Entr. 1 (DRL) Si.

Entr. 1 (DRL) E cales son?

Inf. 1 (FR) Son brancas, redondas, que nós conocemos xa de toda a vida... pero hai a | despois hai a | o... o cogomelo | a, a seta esa peligrosa, a amanita... que é moi peligrosa, que é moi venenosa, que é moi parecida, pero nós distinguimos ben.

Entr. 1 (DRL) Muscaria.

Entr. 1 (DRL) E os que se comen, teñen un nome específico ou son cogomelos sen máis?

Inf. 1 (FR) Hai | despois chamámoslle níscaros tamén e varias [sic] nombres.

Entr. 1 (DRL) [Asent] Pero o nome común a todos, digamos...

Inf. 1 (FR) Nós eiquí chamámoslle cogomelos.

Entr. 1 (DRL) Cogomelos.

Entr. 1 (DRL) É como quen di as verduras, despois está o grelo, o non sei que, o non sei canto.

Inf. 1 (FR) As verduras [TranscrDubidosa], eiquí, eiquí, eiquí: "vou aos cogomelos".



Entr. 1 (DRL) [Asent] Vale, moi ben.

Entr. 1 (DRL) Despois hai unha plantiña, que, que... ten así como unhas cousas finas que che- [Emisión] | que cheira como se fora anís... ten un cheiro así forte, sabe que, que | cal lle digo?

Inf. 1 (FR) Como se cheira a anís.

Entr. 1 (DRL) [Asent] É que aquí na foto | esta é unha foto que sacaron así moi de cerca e non se ll- | non se acaba de ver moi ben como é a planta.

Inf. 1 (FR) A ver.

Entr. 1 (DRL) Ás veces bota así unhas boliñas amarillas.

Inf. 1 (FR) [Emisión] Esto... fu.

Inf. 1 (FR) Dillo ao Dimas, que che | el, el, el, [xxx].

Entr. 1 (DRL) Pois xa lle preguntarei, non sei se se dará moito por aquí, porque non, non... |

Inf. 1 (FR) Pouco, vexo pouco de | che | por eiquí non che sei, non che sei... dicir o nome nin nada.

Entr. 1 (DRL) Pode ser.

Entr. 1 (DRL) Sin embargo, estes supoño que si que se dan.

Inf. 1 (FR) Ah, nós | eses son fentos, fentos.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Usábanse | ?

Inf. 1 (FR) Pero a outra, a outra non che sei explicar.

Entr. 1 (DRL) Tal vez o Dimas, ou se non é que [Emisión] | porque estamos tendo dificultade para encontrar esa palabra n- | todo nesta volta, e pode ser simplemente porque non é, non é común, e ao non ser común, pois non se, non se ve.

Inf. 1 (FR) Ese suele | si, si.

Inf. 1 (FR) Porque non, porque non o hai.

Inf. 1 (FR) Claro, claro.

Entr. 1 (DRL) E... estes son fentos?

Inf. 1 (FR) Eses son fentos.

Entr. 1 (DRL) Estes si que se ven.

Inf. 1 (FR) Si... demasiado e todo.

Entr. 1 (DRL) E usábanse para algo?

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Inf. 1 (FR) [Riso] Aunque non houbera tanto... [Riso]

Entr. 1 (DRL) Usábanse para estrumar ou para tal... ?

Inf. 1 (FR) Non son produiti- | bueno, si, cortábanse ao mellor para facerlle cama aos animais, pero [xxx], nada máis.

Entr. 1 (DRL) E nada máis.

Entr. 1 (DRL) Nalgunhos sitios, precisamente por aí por Salamanca e tal, eles chámanlles... [Emisión] [x]enechos chámanlles, e usábano para chamuscar, para chamuscar o porco... usaban os, os [x]enechos estes.

Inf. 1 (FR) [x]enechos, si.

Inf. 1 (FR) Non, non, nós, nós para chamuscar o porco era con... con palla, coa palla.

Entr. 1 (DRL) Coa, coa palla do centeo -non?- coa palla do pan.

Inf. 1 (FR) Dos fachós, como din en... | alá -como se chama?-, [Emisión] onde hai os carnavales istes... en Laza, os fachós.

Entr. 1 (DRL) En Laza?

Entr. 1 (DRL) [Riso] Os fachós [Riso].

Entr. 1 (DRL) Bueno, en Calvos dixéronnos fachuco tamén.

Inf. 1 (FR) Fachuco, eiquí é un fachuco.

Entr. 1 (DRL) Un fachuco, [Asent]

Entr. 2 (FB) E hoje já não é, já não é assim?

Inf. 1 (FR) En Portugal non é así?

Entr. 2 (FB) Não, aquí.

Inf. 1 (FR) Eiquí é un fachuco.

Entr. 2 (FB) Sim, mas já não chamuscam com, com...

Entr. 1 (DRL) Si, pero si, si, s- |

Inf. 1 (FR) Non, agora eiquí chamuscamos cun soplete que lle  
chaman, de... ca- | de gas.

Entr. 1 (DRL) De gas.

Entr. 2 (FB) E, de resto, a matança é como antigamente?

Inf. 1 (FR) Como antigamente.

Entr. 2 (FB) É só essa a diferença.

Inf. 1 (FR) Exactamente.

Entr. 1 (DRL) [Asent] Si, señor.

Entr. 1 (DRL) E esta outra planta que teño aquí?

Inf. 1 (FR) Véxoa, véxoa a veces nos campos, pero é que, eu ti-,  
eu tiña en... | si.

Entr. 1 (DRL) E pica, esta se, se tocas a... | se che toca a pel,  
pica.

Inf. 1 (FR) A, a, a ver, a ver, ver, enséñama outra vez.

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Entr. 1 (DRL) Pode coller se quere.

Inf. 1 (FR) A ortiga.

Entr. 1 (DRL) Ah, si, si.

Inf. 1 (FR) A ortiga, debe ser a ortiga, debe ser a ortiga.

Entr. 1 (DRL) Debe de ser, debe de ser, si, a ortiga.

Entr. 1 (DRL) Si, que esta normalmente o nome que ten é ortiga e  
non, non, non ten máis.

Inf. 1 (FR) Alá va-, vai, e púdena levar, home.

Entr. 1 (DRL) Non, non se preocupe, faltaría máis.

Entr. 1 (DRL) E... non sei se estas coñece, é como un arbusto...

Inf. 1 (FR) Ai, estas deben ser coma mimosas ou unha cousa así,  
non?

Entr. 1 (DRL) Non, non é ben mimosa, é |

Inf. 1 (FR) Ah, para, para unha cousa, home, como é que lle  
chaman a eso?

Entr. 1 (DRL) Estas botan esa flor solo, solo na primavera e tal.

Inf. 1 (FR) Si, pero si... non, non é mimosa, home -ou si?-,  
-como se chama?- [Emisión] se as tiña aí un primo meu, home, pero agora non me sale.

Entr. 1 (DRL) [xxx], gracias.

Entr. 2 (FB) Por nada.

Entr. 1 (DRL) Non, non, non se cultivan, normalmente crecen así...  
no monte, [Emisión] coma o toxo -non?- e botan aquela floriña amarela, usábanse  
ás veces, polo que me contaron, para facer aquelas escobiñas pequenas do  
forno... e... e para cousas así, ás veces tamén para, para quentar o forno,  
porque fai unha leña fina... [Emisión] poden ser xestas?

Inf. 1 (FR) Non...

Inf. 1 (FR) Si, si, si.

Inf. 1 (FR) Si, si.

Inf. 1 (FR) Pois non vex- | non... | enséñama outra vez.

Entr. 1 (DRL) É que a foto non é moi alá, tampouco, a foto non é  
moi alá.

Entr. 1 (DRL) Pero hai un arbusto que se chama xesta, aquí?

Inf. 1 (FR) S-...

Entr. 1 (DRL) E como é?

Inf. 1 (FR) É, é media negra e despois bota unha flor encarnada.

Entr. 1 (DRL) Ai, encarnada?

Inf. 1 (FR) Si.

Entr. 1 (DRL) Entón é...

Inf. 1 (FR) Encarnada de todo, non, amarilla... amarilla.

Entr. 1 (DRL) Entonces pode ser.

Inf. 1 (FR) Así en mal- | a ver, di | vírama outra vez.

Entr. 1 (DRL) Pode ser, pode ser.

Inf. 1 (FR) Pode ser a xesta... pode ser xesta.

Entr. 1 (DRL) Bueno, seña como seña, o | importa máis a palabra que

o tal, que | é xesta.

Inf. 1 (FR) Si.

Inf. 1 (FR) A xesta, a xesta bota unha flor toda amarilla cuando, cuando vén o... | a primavera, bota todo, todo amarillo.

Entr. 1 (DRL) Si, e... e hai algunha outra variedade? Porque nalgunos sitios hainas blancas...

Inf. 1 (FR) Ah, bueno, eiquí hai a xesta blanca que bota a flor blanca, e a xesta negra bota a flor amarilla.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Ah, vale, vale, vale.

Entr. 1 (DRL) Pero é xesta igual, tanto unha coma a outra.

Inf. 1 (FR) É xesta igual, chamámoslle xesta... xesta blanca e xesta negra, e a blanca bota a, a flor blanca e a, e a negra, amarilla.

Entr. 1 (DRL) [Asent] Moi ben.

Entr. 1 (DRL) Aquí viño dixo que non, non era común facer, pero bueno, onde, onde teñen parra, [Emisión] as uvas salen todas xuntas, e fan un, un... | forman un, un | como lle chaman a iso, un... ?

Inf. 1 (FR) Non, nada, eso nada.

Inf. 1 (FR) Si, si, é [xxx].

Inf. 1 (FR) Si, si, aí vese, vese | vense boas.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) E dicen un cacho de uvas, un, un racimo?

Inf. 1 (FR) Un, un racimo de uvas.

Entr. 1 (DRL) Un racimo.

Inf. 1 (FR) Un racimo de uvas.

Entr. 1 (DRL) Vale, ben.

Entr. 1 (DRL) E... [Riso], ao, ao que lle gusta moito o viño, como lle chaman?

Inf. 1 (FR) Borracho.

Entr. 1 (DRL) [Riso] Vale.